



.....

De pioneiras e andainas

Nieves Fernández Vidueira

A irmandade coa natureza

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 21 de outubro de 2021



Este ano 2021 o Consello da Cultura Galega aposta por poñer o foco sobre o rural e as súas mulleres, para recoñecer -a través da súa posta en valor- o seu papel estrutural nunha parte da sociedade da que manan aspectos esenciais da nosa cultura e da nosa identidade.

Unha desas mulleres é Nieves Fernández Vidueira, que aínda que se define a si mesma como pastor, certamente é unha pastora, criadora de ovellas de raza galega, e vinculada a diferentes entidades activas na mellora do rural. Adherida á asociación ASOVEGA, ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) e á entidade “Pastos e Forraxes”. É ademais socia fundadora da Asociación de Defensa Sanitaria Gandeira de Ovino e Caprino de Galicia (ADSG-Acivo), e participou activamente na Asociación de Criadores/as de Ovino e Caprino de Galicia (OVICA) e na Asociación de Mulleres Rurais de Viana do Bolo. Como tantas mulleres do rural, a súa actividade non é única, senón que se multiplica case de xeito natural no seu entorno, participando de todos aqueles aspectos que conforman o seu espazo social, sendo ademais escritora, fotógrafa, tallista da madeira, deseñadora e creadora de traxes, disfraces e máscaras de entroido, sen perder de vista as innovacións en materia de produción ecolóxica.

Esta xornada, organizada polo Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos, pretende constituír un espazo de posta en valor e reflexión sobre a diversidade das contribucións das mulleres do rural, no mantemento dun espazo social, económico e natural, que se amosa vital na Galicia pasada e presente. Nela, o tempo de homenaxe mestúrase con tempo de memoria, de estudo, reflexión e cuestionamentos de futuro.

A historia de vida de Nieves Fernández Vidueira servirá como pretexto para reunir unha serie de voces de mulleres vencelladas ao rural, dende as actividades produtivas, dende o tecido asociativo, dende o mundo académico ou dende o institucional. A través das súas palabras e experiencias retratarán a diversidade coa que as mulleres rurais contribúen de xeito decisivo á sociedade galega, tratando cuestións que permitan entender e explicar os seus lugares e posicións no mundo do rural, así como expor e contrastar o xa feito, sen esquecer o que fica por facer.

Programa

9.30 horas Inauguración

Rosario Álvarez, presidenta do CCG
María Xosé Porteiro, directora do CDIF
Rosa Arcos e Luzia Oca González,
coordinadoras

9.45 horas Relatorio *As mulleres rurais protagonistas do territorio. O compromiso coa calidade, a cultura e a contorna*

Silvia Adán Belmonte, veterinaria e directora técnica de ASOVEGA e de CAPRIGA. Federación de Razas Autóctonas de Galicia- BOAGA
Presenta: **Rosa Arcos**

10.30 horas Relatorios e debate
Leccións aprendidas en proxectos de emprendemento rural e indíxena liderado por mulleres en Panamá,

María Ángeles Sallé Alonso, doutora en Ciencias Sociais e especialista en Políticas públicas de desenvolvemento socioeconómico, igualdade e sociedade dixital
Saias, toxos e piñeiros. O monte e o forestal galego contemporáneo en clave de xénero, **Ana Cabana Iglesia**, doutora en Historia, profesora titular na USC e membra do Grupo HISTAGRA.

Presenta e modera: **Luzia Oca González**

11.30 horas Pausa

11.50 horas

Faladoiro *Diversificando o futuro Nos fíos do tempo,* **Miriam Fernández Otero**, Proxecto de recuperación da tradición do liño coa Asociación de Mulleres Rurais A Insua (Vilaba), Taller Artesán Fusaiola. Autora do libro *As mulleres da Insua e o liño*

Comezando de cero, inventando o futuro, **Mónica Barro Duran**,

promotora do proxecto de crianza de galiñas araucanas (Xermade - Lugo)
Facer da paixón un modo de vida, **Dori Rodríguez**, productora de viño ecolóxico na D.O. Ribeiro –

Enocultura – Enoturismo. Adegas Celme (Castrelo do Miño – Ourense)
Un lugar cheo de vida, **Llerena Perozo**, proxecto de Agroicultura, Agroespazo “A Gargalleira” (Silleda – Pontevedra)

Presenta e modera: **Isabel Naveira**

16.00 horas *Cartografía de Nieves*
Fernández Vidueira por **Mariám Mariño Costales**, técnica do CDIF

16.30 horas *Entrevista a Nieves Fernández Vidueira* a cargo de **Mercedes Vázquez Saavedra**, escritora, fotógrafa, viaxeira e correkamiños

17.30 horas Proxección vídeo *Así é a Nieves* a cargo da súa compañeira e asesora de Unións Agrarias Viana do Bolo, **María Páez Pérez**

17.50 horas *Mulleres removendo o sector primario*

Ana Corredoira Vázquez, produtora de leite ecolóxico, titular da explotación A Cernada e socia fundadora da coop. As Vacas da Ulloa
Presenta: **Carmen Cajide Hervés**

18.30 horas. Conclusións e coloquio

19.00 horas Peche coa proxección do vídeo *O Museo da Nieves, onde a madeira e o fulión cobran vida*

Organiza

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Rosa Arcos Caamaño
Luzia Oca González

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n 15705
Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

